

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 6 DE NOVEMBRO

1. **ASISTENCIA AO PLENO.** Referencia: **2023/00047026H.**

Aprobación de actas de sesións anteriores.
Apróbanse as actas da sesión do 30 de outubro.

2. **LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2022/00034302V**

Licenza de obra maior para construción dunha vivenda unifamiliar illada na Rúa do Tambre, 1

Concédesse a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Esteban Canabal Antelo de data de visado do 17.06.2022, maila documentación visada o 13.09.2022 e o 12.05.2023, cun orzamento de execución material de 207.330,27 €, a construción dunha vivenda unifamiliar illada na Rúa do Tambre, 1 Santiago de Compostela (A Coruña).

3. **LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00035251L.**

Licenza obra maior para mantemento (eficiencia enerxética) no edificio de vivendas situado na rúa de Montero Ríos, 39

Concédesse á comunidade de propietarios Montero Ríos 39 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena de data de visado do 03/08/223 , cun orzamento de execución material de 336.715,00 €, a conservación e mantemento (eficiencia enerxética) no edificio de vivendas situado na rúa de Montero Ríos, 39 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. **LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **LIC/905/2008.**

Declarar a caducidade da licenza de obra concedida por acordo da XGL do 26/07/2011 para construción dun edificio na parcela R-5 do Polígono 4 do Plan Parcial de Fontiñas.

Acórdase declarar a caducidade da licenza de obra concedida a B4 DE VIVENDAS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Santiago na sesión do 26 de xullo de 2011 para a construción dun edificio na parcela R-5 do Polígono 4 do Plan Parcial de Fontiñas (rúa Pamplona nº3 portal 1) xa que non foron iniciadas as obras autorizadas no prazo legalmente establecido.

5. **LICENZAS DE APERTURA.** Referencia: **LAP/105/2020.**

Licenza de obras para ampliación de explotación gandeira no LUGAR DE VILAMAIOR, 32

Concédesse a licenza de obras para ampliación de explotación gandeira no LUGAR DE VILAMAIOR, 32 con referencia catastral 15079A519020430000FM, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Cristóbal Vázquez Lamas con data de visado de 14/06/2019, Proxectos técnicos redactados polo enxeñeiro técnico agrícola José Manuel García Pedreira co número de visado CO-20210147 e CO-20210148 de 05/03/2021, e anexos con data de rexistro de 31/03/2023, 14/09/2023 e 17/10/2023, cun orzamento de execución material de 360.000 €

6. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: **2022/00056714G.**

Delimitación de unidades funcionais na urbanización do SUNP-25. Roxos.

Acórdase:

Primeiro. Dividir a parcela R1.3 do SUNP-25 -adxudicada ao Concello de Santiago no Proxecto de compensación aprobado o 14.07.2008- en dúas parcelas resultantes:

- R1.3 (leste), destinada á construción de 12 vivendas de protección pública, cunha superficie de 1.463 m² e cunha superficie edificable máxima de 1.486,2 m².
- R1.3 (oeste), destinada á construción de 12 vivendas de protección pública, cunha superficie de 1.463 m² e unha superficie edificable máxima de 1.486,2 m².

Segundo. Dividir o polígono único do SUNP-25 (Roxos) nas distintas fases e subfases delimitadas no plano presentado pola Xunta de Compensación o 30.10.2023:

- FASE I: R1.1, R2.1, R2.2, R2.3, R2.4, R2.5, R2.6, R2.7, R2.13, C.1, H.1, D.1
- SUBFASE II.1: R2.8, R2.9, R2.10, R2.11 (4-5-6-7), R2.12, EE.1, ES.1
- SUBFASE II.2: R1.5, R1.6
- SUBFASE III.1: R1.2, R1.3 (leste), R1.4, R2.11 (agás 4-5-6-7), R2.14, R2.15 (agás 15-16), R2.16 (agás 7-8)
- SUBFASE III.2: R1.3 (oeste), R2.15 (15-16), R2.16 (7-8), R2.17, R2.18

Terceiro. Requiritur á Xunta de Compensación que achegue un orzamento detallado das obras pendentes de execución en cada unha das fases ou subfases previstas, para os efectos de requiritur aos peticionarios de licenzas de edificación as garantías que cubran o importe estimado da urbanización pendente na respectiva fase ou subfase na que se inclúa a parcela.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: **2022/00056484G.**

Subsanación dun erro material que consta no acordo da Xunta de Goberno Local do día 24/07/2023 no que se adxudica o contrato Obras de "Mellora dos accesos á Almaciga: Ámbito Pastoriza".

Acórdase subsanar un erro material advertido na proposta da concellaría delegada de Sustentabilidade Ambiental, Dereitos dos Animais, Servizos Básicos Comunitarios, Parques e Xardíns e Vías e Obras, de data 19/07/2023, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 24/07/2023, relativo á adxudicación do contrato que ten por obxecto, as Obras de "Mellora dos accesos á Almaciga: Ámbito Pastoriza" a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA. De xeito que onde di:

Primeiro: adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto as Obras de "Mellora dos accesos á Almaciga: Ámbito Pastoriza" a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA que presenta unha baixa do 10,05% o que supón unha proposición económica de 298.836,35 € (base imponible de 246.608,55 € máis IVE do 21% de 51.787,80 €) (...)

Pasa a dicir:

Primeiro: adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto as Obras de "Mellora dos accesos á Almaciga: Ámbito Pastoriza" a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, que presenta unha baixa do 10,05% o que supón unha proposición económica de 298.396,35 € (base imponible de 246.608,55 € máis IVE do 21% de 51.787,80 €) (...)

8. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: **2023/00004327P.**

Tarifas 2023 aparcadoiro A Choupana.

Acórdase aprobar as tarifas do aparcadoiro público da Choupana consonte ao informado pola inspectora técnica de servizos que supón unha suba do IPC dun 5,7% con respecto á última revisión de tarifas aprobada o 16 de maio de 2022. A primeira hora aprobada para o 2022 era de 2,25 € (IVE incluído), sendo a proposta para 2023 de 2,40 € (IVE incluído).

9. EDUCACIÓN. Referencia: **2023/00043635P.**

Tomar coñecemento da sinatura do convenio para o financiamento do Bacharelato Internacional.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do convenio para o financiamento do Bacharelato Internacional.

10. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: **2023/00040210X.**

Aprobación proxecto básico e de execución “Parque infantil no espazo socioeducativo de Rial no lugar de Reibó (parroquia de Laraño)” revisado segundo informe de supervisión da Deputación da Coruña.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto básico e de execución de data 27/10/2023 da obra “Parque infantil no espazo socioeducativo de Rial no lugar de Reibó (parroquia de Laraño)”, redactado polo arquitecto D. Alfredo Varela Nogueira, e que ten as seguintes características:

- Orzamento: 103.305,78 + 21.694,21 euros de IVE = 124.999,99 euros.
- Prazo de execución: 40 días.
- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ Adicional 2/2023.

11. DEPORTES. Referencia: **2023/00014493F.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Obradoiro Club de Amigos Baloncesto S.A.D. para o ano 2023.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio co OBRADOIRO CLUB DE AMIGOS BALONCESTO S.A.D.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 120.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4790001 do orzamento municipal prorrogado correspondente ao ano 2023.

12. CULTURA E FESTAS. Referencia: **2023/00009197W.**

Aprobación do informe-proposta de nomeamento e retribucións do xurado dos premios de creación literaria SELIC 2023.

Acórdase:

1. Nomear como membros do xurado dos Premios de creación literaria SELIC 2023 ás seguintes persoas: Margarita Tojo González, Manuel Carlos Núñez Singala, María do Carme Varela Rodríguez, Bieito Iglesias Araujo, Carlos Valdés García.
2. Designar como secretario a Xesús Amado Reino, técnico de programación cultural da Concellaría de Acción Cultural.
3. Aprobar o gasto por importe de 2.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 050 33400 2330000.
4. Retribuír pola súa participación como membros do xurado dos Premios de

creación literaria SELIC 2023, logo da sesión na que se determina o fallo dos premios, as seguintes cantidades: Margarita Tojo González 400 - 60 (Retención IRPF 15%)= 340 euros; Manuel Carlos Núñez Singala 400 - 60 (Retención IRPF 15%)= 340 euros; María do Carme Varela Rodríguez, 400 - 60 (Retención IRPF 15%)= 340; Bieito Iglesias 400 - 60 (Retención IRPF 15%)= 340 euros; Carlos Valdés García 400 - 60 (Retención IRPF 15%)= 340 euros.

13. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00046825R.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no recurso de apelación 4223/2023 do TSXG (PSS 114/2023 CA1).

Sentenza nº 420/2023

AP 4223/2023 TSX, PSS 114/2023 001 CA1

Obxecto: suspensión da orde de derruba de obras.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en casación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de casación.
3. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para a súa execución.

14. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00040198K.

Tomar coñecemento do Auto recaído no procedemento PA 293/2020 CA1

Auto nº 091/2023

PA 293/2020 CA1

Obxecto: dilixencia prema expediente executivo 50243.

O Auto é favorable para o Concello, recorrible en reposición.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do Auto.
2. Remitir á Sección de recadación para o seu coñecemento.

15. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00046256F.

Tomar coñecemento do Decreto recaído no PO 596/2022 do Social 3.

Decreto nº 281/2023

PO 596/2022 XS3

Obxecto: reclamación de cantidades.

O Decreto é favorable para o Concello, recorrible en revisión.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do Decreto.
2. Remitir ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento.

16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00046201K.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 3/2023 CA2.

Sentenza nº 219/2023

PA 003/2023 CA2

Obxecto: prema de conta por falta de pago do IVTM.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir á Sección de recadación para o seu coñecemento.

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00045744R.**

Tomar coñecemento do Decreto recaído no PO 342/2022 CA1

Decreto 85/2023 do 18.10.2023

Procedemento: Procedemento Ordinario 342/2022 do Xulgado contencioso Administrativo nº 1

Obxecto: Expediente de reposición á legalidade VUT (vivenda de uso turístico)

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento de licenzas -disciplina para os efectos do seu coñecemento.

18. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00047026H.**

Tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas.

Acórdase tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas ditadas do 27 de outubro ao 2 de novembro do 2023.

URXENCIAS

19. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00017947B.**

Adxudicación do contrato “Obras de execución do proxecto de “Senda peonil en Silvouta” / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña” a OBRAS Y VIALES DE GALICIA.

Acórdase:

Primeiro: Excluír á empresa CONSTRUCCIONES ALEJANDRO MARTÍNEZ E HIJOS, S.L. por non acadar a puntuación mínima (19,80 puntos) establecida para a fase I coa fin de poder continuar no procedemento de adxudicación e excluír á empresa NEMESIO ORDOÑEZ SA por non xustificar a súa oferta económica anormalmente baixa.

Segundo: adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto as Obras de execución do proxecto de "Senda peonil en Silvouta" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña a OBRAS Y VIALES DE GALICIA, que presenta unha proposición económica de 117.420,00 € (base impoñible de 97.041,32 € máis IVE do 21% de 20.378,68 €).

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 117.420,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 (Código de proxecto: 2022 2 PPROV 35 5) no que existe crédito adecuado e suficiente.